



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 Muros
A Coruña
Tfno.: 981 826 050
correo@muros.gal
www.muros.gal

CONVOCATORIA PREMIOS DO DEPORTE DA I GALA DO DEPORTE DO CONCELLO DE MUROS PARA O ANO 2024

A Constitución Española de 1978, establece no seu artigo 43 como principio reitor da política social e económica, o fomento da educación física e o deporte por parte dos poderes públicos.

En virtude do artigo 25.2.I) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de Bases de Réxime Local (en diante LBRL), os municipios exercerán como competencia propia: a Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre.

De acordo co artigo 8 da Lei do Deporte de Galicia, corresponde aos Concellos “1. Fomentar, promover e difundir o deporte, especialmente o deporte na idade escolar.

O Concello de Muros, a través da Concellaría de Deportes, quere premiar aos distintos clubs, entidades, deportistas... con relevancia no municipio, polos éxitos obtidos e o labor deportivo realizado no ano 2024. Considérase relevante este recoñecemento, para continuar co obxectivo primordial desta Concellaría que é o fomento do deporte e para motivar aos clubs e deportistas valorando a súa dedicación, constancia e esforzo no ámbito deportivo.

O obxectivo principal da I Gala do Deporte do Concello de Muros é recoñecer publicamente o esforzo, dedicación, entrega e en definitiva os valores que representan o deporte.

DATA E LUGAR DE CELEBRACIÓN DA I GALA DO DEPORTE ANO 2024

Día: Sábado, 21 de decembro de 2024

Lugar: Auditorio do Centro Cultural e Xuvenil

Hora: 18:30 h

1. Obxecto da convocatoria

O obxectivo principal desta e convocatoria é recoñecer publicamente o esforzo, a dedicación, a entrega e en definitiva os valores que a través do deporte transmiten os clubs, entidades e deportistas do Concello de Muros, así como que estes sirvan de reflexo para incentivar aos/ás máis pequenos/pequenas e á poboación en xeral para a práctica do deporte.



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 Muros
A Coruña
Tfno.: 981 826 050
correo@muros.gal
www.muros.gal

A Concellaría de Deportes do Concello de Muros, a través desta Convocatoria da I Gala do Deporte do Concello de Muros, pretende distinguir ao distintos clubs, entidades e deportistas con relevancia no municipio, polos éxitos e resultados obtidos, e o labor deportivo realizada no ano 2024, recoñecendo a aquelas persoas que de forma individual ou colectiva, son consideradas exemplares pola súa conduta, méritos deportivos, marcas ou resultados.

2. Categorías de premios e distincións

Poderán existir tres tipos de galardóns diferenciados:

1. Premios deportivos anuais.
2. Recoñecementos aos méritos conseguidos.
3. Mencións especiais.

2.1 Premios deportivos anuais nas seguintes categorías:

- Mellor deportista feminina do Concello de Muros (aínda que estea nun club de fóra do Concello).
- Mellor deportista masculino do Concello de Muros (aínda que estea nun club de fóra do Concello).
- Mellor club do Concello de Muros.
- Promesa masculina máis destacada do Concello de Muros.
- Promesa feminina máis destacada do Concello de Muros.
- Especial da “veciñanza” (será para o/a deportista con maior número de votos realizados a través da web municipal. A selección das candidaturas correrá por parte do Concello).
- Mellor evento deportivo municipal



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 Muros
A Coruña
Tfno.: 981 826 050
correo@muros.gal
www.muros.gal

2.2 Recoñecementos aos méritos conseguidos por deportistas locais, persoal membro das entidades deportivas locais ou persoal deportivo xa sexa polos seus logros no ano en curso ou pola súa traxectoria:

- Recoñecemento especial do Concello (criterio aberto)

2.3 Menciones especiais (máximo 3)

3. Requisitos para optar aos premios, recoñecementos e mencións

3.1. Premios deportivos anuais:

Para poder optar aos premios deportivos anuais os requisitos serán os seguintes:

- Deportistas individuais: ser nativo/a ou empadroadado/a no Concello de Muros.
- Entidades/clubs: ter como domicilio social o Concello de Muros.

3. 2. Recoñecementos aos méritos conseguidos:

- Para poder optar aos recoñecementos polos méritos conseguidos os requisitos serán:
- Pertencer a unha entidade deportiva local (xogadores, equipos, deportistas, técnicos, monitores, adestradores, delegados...) ou ser nativo/a ou empadroadado/a no Concello de Muros.

3.3. Menciones especiais (máximo 3)

Poderá haber mencións especiais para aquelas persoas ou entidades/clubs locais que estivesen vinculados co mundo do deporte no municipio, e nalgún club, ou que promocionen ou promocionasen o Concello de Muros por medio do deporte.

4. Solicitudes



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 Muros
A Coruña
Tfno.: 981 826 050
correo@muros.gal
www.muros.gal

O prazo para a presentación das candidaturas, que se formalizarán no modelo oficial correspondente que se incorpora a esta convocatoria, será ata ás 14:00 h do venres 29 de novembro de 2024.

As persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, que representen a unha persoa interesada que estea obrigada a relacionarse electronicamente coa Administración, e/ou quen exerza unha actividade profesional para a que se requira colexiación obrigatoria, deberán presentar a súa solicitude obrigatoriamente a través da Sede Electrónica do Concello de Muros (Artigo 14 Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas). Non se admitirán en papel os Rexistros de documentos que presenten os suxeitos anteriormente relacionados.

As persoas físicas poderán presentar as solicitudes no rexistro ou ben a través da sede electrónica do Concello de Muros.

Cada club ou entidade deportiva poderá presentar como máximo unha candidatura a cada unha das categorías indicadas no punto 2.

A presentación de candidaturas poderase realizar por clubs, entidades ou individualmente, sempre que se cumpran as condicións establecidas nas bases desta convocatoria e que se reúnan os méritos ou requisitos suficientes para concorrer ao premio e/ou distinción ao que se opte.

Coas solicitudes presentarase a documentación acreditativa dos méritos que deban ser tidos en conta pola Xurado.

5. Xurado

5.1 Xurado

O xurado será nomeado pola Alcaldía e será o mesmo para todos os premios e nel estarán representados todos os clubs e entidades inscritas no rexistro oficial de entidades deportivas do concello.

5.2 Composición do xurado dos Premios deportivos anuais:

- Alcalde/sa do Concello de Muros.
- Concelleiro/a de deportes do Concello de Muros.



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 Muros
A Coruña
Tfno.: 981 826 050
correo@muros.gal
www.muros.gal

- Técnico/a do departamento de deportes do Concello de Muros
- Cada club e entidade deportiva mediante unha persoa representante que deberá comunicar con antelación e no seu debido prazo
- Un membro de cada grupo político municipal

5.3 Composición do xurado do Recoñecemento especial do Concello:

- Alcalde/sa do Concello de Muros.
- Concelleiro/a de deportes do Concello de Muros.
- Dous técnicos/as do departamento de deportes do Concello de Muros.
- Un membro de cada grupo político municipal.

5.4 Composición do xurado de Mencións especiais:

- Alcalde/sa do Concello de Muros
- Concelleiro/a de deportes do Concello de Muros
- Dous técnicos/as do departamento de deportes do Concello de Muros
- Un membro de cada grupo político municipal.

5.5 Votación

Cada membro do xurado terá dereito a 1 voto

6. Procedemento para designar aos premiados



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 Muros
A Coruña
Tfno.: 981 826 050
correo@muros.gal
www.muros.gal

Recibidas na Concellería de Deportes toda as propostas no prazo establecido na convocatoria, verificarase o cumprimento dos requisitos previsto nesta convocatoria cada categoría e darase traslado das propostas admitidas ao xurado para a súa deliberación.

Cada membro do xurado terá dereito a 1 voto.

6.1 Premios deportivos anuais

Realizarase unha votación, na cal aquela proposta en cada modalidade que perciba maioría simple de votos será a elixida, en caso de empate volverá realizarse a votación pero soamente entre aquelas candidaturas empatadas. No caso de presentarse unha única candidatura para calquera premio, realizarase unha votación que deberá recibir máis votos a favor que en contra. No caso de non presentarse candidatura ou de que a única presentada sexa rexeitada, declararase o premio deserto.

6.2. Recoñecemento especial do Concello

O Concello de Muros proporá a persoas, entidades ou clubs que destaquen ou destacaran polos logros alcanzados, traxectoria ou labor deportivo, sendo un exemplo de boas prácticas a nivel municipal.

6.3. Mencións especiais

Valoraranse todas as presentadas e realizarase unha votación de cada unha (si ou non), e recoñeceranse as tres máis votadas. No caso de empate volverá realizarse a votación pero soamente entre aquelas candidaturas empatadas, e deberase votar só a favor dunha delas.

No caso de empate en calquera das modalidades, terá voto de calidade alcaldesa do Concello de Muros.

7. Publicidade

Esta convocatoria será publicada no taboleiro de anuncios, na páxina web do Concello de Muros e noutros medios de difusión que se consideren adecuados e remitiranse igualmente a todos os clubs deportivos do Concello de Muros.

8. Premios

O formato dos premios deportivos anuais será o seguinte: trofeo ou placa conmemorativa de cerámica artesanal.



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 Muros
A Coruña
Tfno.: 981 826 050
correo@muros.gal
www.muros.gal

En Muros a data sinalada no marxe

A alcaldesa
(asinado dixitalmente)

María Lago Lestón